

LINGUA GALEGA - RESUMO 1º TRIMESTRE

O substantivo. Clases de substantivos

As palabras que nomean persoas, animais e cousas son **substantivos**.

Os substantivos poden ser **comúns** (*amiga*) ou **proprios** (*Branca*).

Os substantivos tamén poden ser **individuais** (*abella*) ou **colectivos** (*enxame*).

Palabras con maiúscula

Escríbense con **maiúscula inicial** a primeira palabra dun escrito e as palabras que van despois de punto (.).

Os nomes propios de persoas, animais e lugares tamén se escriben con maiúscula inicial: *Alba*, *Truco*, *Belvís*.



O xénero e o número dos substantivos

Segundo o **xénero**, os substantivos poden ser masculinos ou femininos.

Os **masculinos** poden levar diante as palabras *un* ou *o*. Os **femininos** poden levar diante as palabras *unha* ou *a*.

Segundo o **número**, os substantivos poden estar en singular ou en plural.

Os substantivos en **singular** nomean un só elemento. Os substantivos en **plural** nomean máis dun elemento.

Palabras con z e con c

Escríbese **z** diante de **a**, **o**, **u**: *za*, *zo*, *zu*.

Escríbese **c** diante de **e**, **i**: *ce*, *ci*.

Palabras con ca, co, cu, que, qui (son forte)

Escríbese **c** diante de **a**, **o**, **u**: *ca*, *co*, *cu*.

Escríbese **qu** diante de **e**, **i**: *que*, *qui*. *Cando lemos, non pronunciamos o “u”*.

Palabras con ga, go, gu, gue, gui

Escríbese **g** diante de **a**, **o**, **u**: *ga*, *go*, *gu*.

Escríbese **gu** diante de **e**, **i**: *gue*, *gui*. *Cando lemos, non pronunciamos o “u”*.

Palabras monosílabas, bisílabas e trisílabas

Cando unha palabra ten unha única sílaba, dicimos que é **monosílaba**: sol, rei, voz...

Cando unha palabra ten dúas sílabas, dicimos que é **bisílabo**: pato, alto, mito...

Cando unha palabra ten tres sílabas, dicimos que é **trisílabo**: comida, coñecer, relación...

Recorda que **cada sílaba é un golpe de voz!**

Os sinónimos

Son **sinónimas** aquelas palabras ou expresións que teñen significados iguais ou semellantes.

Por exemplo:

- *Contento e feliz.*
- *Andar e camiñar.*
- *Bonito e fermoso.*